



pre-texto 51

Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2019 e con motivo da presentación de “Mercedes máis eu” de Janet Novás o vindeiro 11 de maio no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, convidamos á traballadora cultural Natalia Balseiro á elaboración deste Pre-Texto.

Natalia Balseiro é unha traballadora cultural no campo das artes vivas cunha importante experiencia tanto no ámbito público como no terceiro sector. Foi Técnica de Cultura no Concello de San Sadurniño e directora do Centro Coreográfico Galego entre 2006 e 2009. Como consultora independente asesorou e desenvolveu proxectos con distintos organismos públicos internacionais como a Universidade de Uruguay, o Ministerio de Cultura ou o Mercat de Les Flors en Barcelona, onde dirixiu o proxecto Iberoamericano Mov-s.org. Actualmente ocupa o cargo de Asesora técnica do Área de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña.

Natalia Balseiro sobre Janet Novás e Mercedes Peón.

Atopeime con elas alá polo 2006, nun momento no que eu, aínda, non era quen de discernir o que tiña diante de min, e sobre todo, de situarlas dentro dun contexto local, galego, estatal ou internacional. Non fun quen de decatarme do que esas dúas persoas eran capaces de producir. Nin Janet Novás nin Mercedes Peón eran artistas ao uso.

Tiñan orixes, vidas, traxectorias e horizontes radicalmente distintas. Sen embargo, había algo nelas que chamou poderosamente a miña atención. Tiñan a capacidade de producir algo novo en calquera lugar do mundo, e con calquera persoa ou colectivo, conectados á creación internacional actual. De producir algo conectado con linguaxes moi persoais, intransferibles e que ademais, para min, estaban vinculadas entre si. Seguramente pola súa orixe periférica e pola súa condición de corpos orgánicos que reverberan, cada un á súa maneira e cada un coa súa estética, a súa forma e a súa condición de corpo único pero conectado e sobre todo con esa capacidade de producir conexión.

Hoxe, moitos anos despois, sei que son persoas únicas, cada unha no seu contexto, cada unha no seu mundo, cada unha no seu universo, cada unha na súa dimensión. Seres telúricos. Fondos. Profundos. Orixinais, porque, como a propia Mercedes Peón dixo recentemente “son orixinal porque teño orixe”.

Ter orixe e ter orixe periférico -como ela mesma recoñece- condiciona os referentes, as linguaxes, os posicionamentos, os percorridos e a obra.

En Galicia, as mulleres, tradicionalmente xogaron un rol moi relevante no establecemento de canles de comunicación entre as comunidades, veciñanza e xeracións, xogaron un rol distendido, atrevido, sincero e xoguetón. Mulleres que poñían a súa alegría, a súa música e os seus cantares en comunión dentro dunha comunidade.

Mercedes e Janet son esas mulleres contemporáneas e periféricas que producen cos seus corpos políticos e coas súas linguaxes comunión coas comunidades de persoas que se producen durante as súas pezas e intervencións artísticas.

Aló por 2016 traballando en Galicia no ámbito artístico, falando moito coa xente, escoitando máis e viaxando moito descubrín a decenas de mulleres e homes galegos con un descomunal talento lonxe aquí -física pero tamén mentalmente-. O contexto non era, nin fora propicio para que unhas e outros se achegaran estruturalmente ao seu lugar de orixe. Só certas sensibilidades no contexto privado eran quen de dilucidar e atopar, entre milleiros no mundo, as migrantes artistas que tiñan que volver porque tiñan moito para dar e deixar.

A Janet coñecina na distancia, grazas a Ana Vallés, Baltasar Patiño, Mateo Feijóo e Paz Santacecilia, entre todos coñecían a todas e cada unha das artistas contemporáneas galegas que estaban a traballar nas artes vivas contemporáneas a nivel estatal e internacional, non eran poucas e, sobre todo eran singulares. Eran galegas.

Vina bailar por primeira vez na Illa de San Simón no ano 2008. Se pecho os ollos todavía podo recordar as artistas e os artistas que pasaron polo marco do mov-s 2008 (Encuentro Internacional das artes do Movemento www.mov-s.org). Todas estas artistas galegas crearon e bailaron pezas singulares para ese lugar da memoria. Artistas como Estela Llovés, Janet Novás, Iván Marcos, Andrea Quintana, Anuska Alonso... De todas, dúas persoas, entre as que estaba Janet, semellan orbitar nun astro ancestral, profundo, telúrico, ancorado nun mar sen fondo aló no medio do Atlántico, a carón da Illa de San Simón.

Ao abandonar a Illa nun barco a media noite, despois de bailar a muiñeira ata o esgotamento cos suecos, alemáns, curadores e outros artistas estatais e internacionais que acudiron ao encontro na Illa de San Simón, alonxámonos da Illa en noite de lúa chea. Entón soubemos que aquilo acababa de comezar. Era tempos para soñar.

Tempo despois atopeime de novo con Janet. Vímonos durante unha semana, todos os días, pola mañá, durante catro horas, nunha aula do edificio Normal da UDC (Universidade da Coruña). Por aquel entón un espazo no que artistas locais facían residencias e usaban o espazo para investigar, producir ou formarse.

Pedíume que a acompañara, durante unha semana. Algo complexo que eu non sabía se estaba preparada para facer. Ela quería falar do seu traballo pero Janet ten unha linguaxe poderosa, difícil de expresar con palabras: o seu Corpo fala. É político.

Queres contar algo? Que queres contar? A quen llo queres dicir? Como facemos para dicirillo? Preguntas absurdas difíciles de responder. Cando un artista está, crea, produce e conta, non hai máis. Buscar máis e entrar nunha fochanca.

Non hai bolsas para os furacán.
Non hai libretas para estas palabras.
Non hai críticos para estos sentires.
Non hai humildade para deixarte afundir.
Non hai.
Fáltanos.

Sumidas nun debate prestado miramos o cadro de esguello e saímos pola tanxente dándolle a volta á media e despegándonos pouco a pouco do principio. Nada. Todo. Voltar á casilla da saída. Repensada. Reafirmada. Eu son isto e non teño fío para me destecer.

Só unha certeza, outro ser telúrico. Distinto. Aquí non hai relato experiencial, non hai surcos, non hai memorias, non hai intelectualidade hai un corpo aberto atravesado, que se atravesa, que se deixa atravesar, que se tronza, que se escurece e que se paraliza.

Janet quería falar do seu traballo, contarlle aos curadores e curadoras internacionais o que facía, quería facer documentos de presentación e quería contar as súas pezas con palabras. Non houbo palabras, no había sitio para elas. Janet ten un corpo político e periférico que fala. Era aí onde estaba a potencia.

Ai le le le, lerelele, le le... escoitase o sacho de fondo, un helicóptero, Brasil, as coplas afundidas na pel, as engurras dos versos, Yolanda, María, Roque, nos temas de Merce pódese falar de todo, todo está permitido. Nese universo a vida toma forma de tema e o tema toma forma de universo e o universo toma forma de mundo e o mundo tórnase

vida.

A primeira vez que vin a Mercedes Peón foi en 2006, en Betanzos, perto do Concello, nun bar. Cando unha atópase coa transcendencia non sabe moi ben a que aterse, non sabes nada pero sabes todo, pero o máis importante é que tes a certeza de que pase o que pase ese día, nese momento e para sempre, tes que estar aí, quedarte, de diferentes xeitos pero quedarte: mirando, escoltando, acompañando, aprendendo, mudando.

Aí, nese mundo, nese universo, nesa vida. Unha vida que te leva ao fondo do Corpo, te arrastra ata a terra e te funde nas túas entrañas para poder ver o máis escuro, o máis telúrico e o máis agochado que levas na pel, pero sobre todo nas entrañas.

Chegar ao fondo é o máis complexo que hai, conseguir arrastrarte, deixarte levar, atreverte, dar un paso, caer ao baleiro, seguir a intuición.

Falar e traballar con Mercedes é vivir dúas vidas nunha. Vives a vida de cada día e en paralelo vives e revives o que está detrás de ti, debaixo da pel e que só os seres telúricos son quen de deixarte ver.

Da igual o que faga porque sempre vai partir dun lugar, a certeza de estar facendo o que ten que facer, furgando na experiencia feita suco na súa pel, nos seus ouvidos, nas súas orellas, no seu corpo, na súa retina, no seu ser profundo. Certezas que non teñen igual. Aquí pero tamén no mundo. Contamos cun ser único. Un ser que é irrepitible. Cando Mercedes compón, canta, toca, baila e achégase en directo, os seres únense. Iso é o máis poderoso que unha pode producir na vida. Non se me antolla maior capacidade que a de producir comunidades temporais.

Eu escoiteina, e non é o que dis senón dende onde, como, con quen, en que momento, de que maneira. Hoxe na Coruña, Mercedes Peón é a forma que representa o futuro. Se a debullamos temos a resposta do que nos queda por andar: memorias, corpos que se encarnan, corpos abertos, vivencias e punto, ecoloxía de vida.

Eu sempre pensei nas artistas como persoas coa capacidade para transformar o mundo, para mudar as cousas, para, a través das súas linguaxes, facernos sentir, mudar, comprometer, relacionarnos... para facernos ser, no fondo. Ás veces esquecemos ser.

Sempre considere cuestionable querer que as persoas

pre-texto 51

colaboren entre si, nunca atopei motivos suficientes para inmiscirse nas vidas alleas, nenas vidas que descoñezo, nos reviravoltas profesionais e creativas das persoas, que tanto respecto me merecen e que penso, cando deciden traspasar o limiar e rozarse con outras artistas durante un tempo, están tomando unha delicada decisión, que só na intimidade e seguridade da propia vida de cada unha, podes tomar.

Non teño moitas palabras, non son precisas. Hai certeza. Mercedes e Janet teñen que se coñecer.

Anos despois atópoas. Xa non é o meu momento, é o seu. Eu xa non teño palabras para cruzar, nada que dicir. Só agardo teimudamente o día de poder sentarme a ver como dúas mulleres abren o corpo, producen sentido, transfórmanme a vida outra vez, envolven á xente e lévan-na consigo. Namentres, hoxe, a vida segue e quen quere, vívea.

pre-texto número 51, publicado o 6 de maio de 2019.

Este texto foi escrito por Natalia Balseiro, en resposta ao convite do Proxecto de Programación Expandida do TRCDanza 2019 para a liña de publicacións denominada “PreTextos” na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRCDanza, programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.